

Área: Cte. Arbitral

Circular nº 05 - Temp. 20/21

UNIFORMIDADE

Unha vez que todo o plantel dispón da roupa oficial, dende a FGBM indícanse varias premisas corporativas e de equipo.

- **PARA ÁRBITROS/AS:** Dirixirán os encontros coa roupa oficial de Hummel (incluídos os calcetíns), así como a sudadera do chándal para as presentacións e a camisola gris para o quecemento.

Se as equipacións dos equipos o permiten é prioritario utilizar a camiseta negra; neste sentido temos que ter presente que cada vagada son máis os encontros que se dan por “streaming” sendo importante que se poidan diferenciar claramente as cores.

As zapatillas deportivas nas pistas deberán ser escuras e preferiblemente de cor negro; así como os asubíos e reloxo.

Traballarase para poder ofertar un calzado tamén de Hummel que poida ser igual para todo o plantel.

- **PARA ANOTADORES/AS – CRONOMETRADORES/AS:** Na actualidade teñen polo negro e anorak, debendo utilizar esta roupa para o desenrolo da súa labor.

Trabállase para ter unha prenda máis, neste caso unha sudadera.



En Vigo a 1 de outubro de 2020